



**O vindeiro día 17**, a iniciativa da Biblioteca Nacional de España, celébrase o **Día das Escritoras**, co obxectivo de “ reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia”. O CEIP Emilia Pardo Bazán quere sumarse a esa homenaxe convocando, a través da Biblioteca do Centro un CONCURSO DE MICRORRELATOS aberto a toda a comunidade educativa. Velaquí as bases:

#### PARTICIPANTES:

\*Todos os membros da comunidade educativa: alumnado, familias, profesorado e persoal non docente.

#### CARACTERÍSTICAS DOS MICRORRELATOS

\*O tema é libre.

\*Os relatos deben ir encabezados por un título.

\*Todos os relatos deben conter o seguinte fragmento: “*vendo desaparecer entre as sombras as amadas costas da súa terra*”<sup>1</sup>. Pode incluírse no comezo, no final ou noutra posición calquera do texto (exceptuando o título).

\*A extensión máxima é de 150 palabras, sen incluír o título. Os traballos que superen a devandita extensión serán descalificados.

\*Os textos entregaranse aos respectivos titores/as ou a través do correo electrónico [bibliotecaepb@gmail.com](mailto:bibliotecaepb@gmail.com). A data límite para a recepción das obras será o 10 de outubro.

\*Os textos recibidos publicaranse no blog da biblioteca.

#### CATEGORÍAS E GAÑADORES

\*En función do número de relatos recibidos poderán establecerse diferentes categorías. Cada categoría terá un relato gañador.

\*Os gañadores de cada categoría serán gravados nas radio do centro, difundidos a través de Emilia na Onda e as redes sociais da biblioteca.

\*Asemade, os textos que o xurado determine, serán ilustrados polo alumnado de E Infantil.

#### XURADO

\*O xurado estará formado por persoas pertencentes á comunidade educativa do CEIP Emilia Pardo Bazán.

#### FALLO

\*O fallo do xurado será dado a coñecer a partires do 17 de outubro.

<sup>1</sup> Fragmento tirado do conto “De polizón” de Emilia Pardo Bazán. “Blanco y negro” pax.289 (1896)